

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE, POLA QUE SE DESENVOLVE A NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

De acordo co disposto na disposición final da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e Máster Universitario na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello Social do 04/05/2017, esta entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Habida conta de que esta publicación se efectúa no mes de xullo de 2017 e de que o cómputo da permanencia e a progresión se realiza por cursos académicos, infórmase de que ao abeiro do disposto no apartado 2 do artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o curso 2017/2018 será o 1º curso académico que se terá en conta para o cómputo dos créditos necesarios que debe superar o alumnado das titulacións oficiais da UDC a estes efectos.

Polo exposto, e para os efectos do cómputo indicado, dispoño:

1. Títulos de grao. Títulos de másteres que dan acceso a unha profesión regulada.

1.1. Os cursos académicos 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020 constitúen o 1º período no que os alumnos que se matriculen no curso 2020/2021 deben superar o mínimo de créditos establecidos como requisitos de permanencia e progresión.

1.2. Os cursos académicos 2018/2019, 2019/2020 e 2020/2021 constitúen o 2º período no que os alumnos que se matriculen no curso 2021/2022 deben superar o mínimo de créditos establecidos como requisitos de permanencia e progresión.

1.3. Os cursos académicos 2019/2020, 2020/2021 e 2021/2022 constitúen o 3º período no que os alumnos que se matriculen no curso 2022/2023 deben superar o mínimo de créditos establecidos como requisitos de permanencia e progresión. E así sucesivamente, tendo en conta o número de créditos da titulación correspondente.

1.4. Non se computarán os cursos académicos nos que o alumnado non efectuou matrícula.

2. Títulos de máster que non dan acceso a unha profesión regulada.

2.1. Os cursos académicos 2017/2018 e 2018/2019 constitúen o 1º período no que os alumnos que se matriculen no curso 2019/2020 deben superar o mínimo de créditos establecidos como requisitos de permanencia e progresión.

2.2. Os cursos académicos 2018/2019 e 2019/2020 constitúen o 2º período no que os alumnos que se matriculen no curso 2020/2021 deben superar o mínimo de créditos establecidos como requisitos de permanencia e progresión.

2.3. Os cursos académicos 2019/2020 e 2020/2021 constitúen o 3º período no que os alumnos que se matriculen no curso 2021/2022 deben superar o mínimo de créditos establecidos como requisitos de permanencia e progresión. E así sucesivamente, tendo en conta o número de créditos da titulación correspondente.

2.4. Non se computarán os cursos académicos nos que o alumnado non efectuou matrícula.

3. Cómputo de créditos superados.

De acordo co artigo 3 da citada norma, os estudantes de continuación de estudos de Grao, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos. Os estudantes matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.

Código Seguro De Verificación	f5DtNlGcKokaW3TA2HdUyQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	10/04/2019 18:18:08
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f5DtNlGcKokaW3TA2HdUyQ==		



Así mesmo, o artigo 5 indica que os estudantes de continuación de estudos de Máster Universitario, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada dous cursos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos.

Os estudantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada dous cursos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.

Tendo en conta os citados artigos e o réxime de dedicación dos alumnos, os créditos que se deben superar son os seguintes:

3.1. O alumnado de continuación de estudos de Grao deberá superar un mínimo de:

- 60 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado os tres cursos a tempo completo.
- 50 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado dous cursos a tempo completo e un a tempo parcial.
- 40 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado un curso a tempo completo e dous a tempo parcial.
- 30 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado os tres cursos a tempo parcial.

3.2. O alumnado de continuación de estudos de Máster que non habilita para o exercicio de profesión regulada, deberá superar un mínimo de:

- 60 créditos cada dous cursos académicos, se estivo matriculado os dous cursos a tempo completo.
- 45 créditos cada dous cursos académicos, se estivo matriculado un curso a tempo completo e un a tempo parcial.
- 30 créditos cada dous cursos académicos, se estivo matriculado os dous cursos a tempo parcial.

3.3. O alumnado de continuación de estudos de máster que dea acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de:

- 60 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado os tres cursos a tempo completo.
- 50 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado dous cursos a tempo completo e un a tempo parcial.
- 40 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado un curso a tempo completo e dous a tempo parcial.
- 30 créditos cada tres cursos académicos, se estivo matriculado os tres cursos a tempo parcial.

4. Alumnos con menos de 60 créditos para finalización de estudos.

Aos alumnos que lle resten menos de 60 créditos para rematar os seus estudos, terán a consideración de alumnado a tempo parcial para os efectos do cálculo da permanencia.

5. Exclusiones do ámbito de aplicación da instrucción.

Queda excluído deste cómputo o alumnado que se atope nalgún dos supostos indicados no punto 3 do artigo 1, da mencionada Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e Máster Universitario na Universidade da Coruña.

A Coruña,

A VICERREITORA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE

Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	f5DtNlGcKokaW3TA2HdUyQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	10/04/2019 18:18:08
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f5DtNlGcKokaW3TA2HdUyQ==		

